

«Cando existisen acordos que regulen a readmisión das persoas en situación irregular subscritos por España, os funcionarios responsables do control, tras facilitar a información a que se refire o artigo 26.2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, denegarán, nos termos previstos nos citados acordos, a entrada das persoas ás cales lles sexan de aplicación, sempre que a denegación se produza dentro do prazo previsto neles.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 8 de setembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## MINISTERIO DE FOMENTO

**16784** *ORDE FOM/2924/2006, do 19 de setembro, pola que se regula o contido mínimo do informe anual para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, por ferrocarril ou por vía navegable. («BOE» 230, do 26-9-2006.)*

O Real decreto 1566/1999, do 8 de outubro, sobre os conselleiros de seguranza para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, por ferrocarril ou por vía navegable, incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 96/35/CE, do Consello, do 3 de xuño, relativa á designación e cualificación profesional dos conselleiros de seguranza para o transporte de mercadorías perigosas. O artigo 7 do citado real decreto obriga os conselleiros de seguranza a redactar un informe anual destinado á

dirección da empresa sobre as súas actividades relativas ao transporte de mercadorías perigosas e faculta o ministro de Fomento para determinar o seu contido mínimo.

En uso desta facultade, por Orde do 11 de xaneiro de 2001, regulouse o contido mínimo do indicado informe anual. A experiencia na aplicación desta orde aconsella modificar algúns dos puntos en que se desagregaba o modelo que se incluía como anexo, así como as instrucións para ser cuberto. Aínda que as modificacións que se introducen son escasas, razóns de claridade aconsellan substituír integramente a citada Orde do 11 de xaneiro de 2001 e os seus anexos.

Na súa virtude, logo de informe da Comisión para a Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas, dispoño:

**Primeiro. Contido do informe anual.**—Apróbese o contido mínimo do informe anual que han de redactar os conselleiros de seguranza para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, por ferrocarril ou por vía navegable.

Co fin de lles facilitar ás empresas o envío da documentación relativa ao informe anual, as direccións xerais de Transportes por Estrada e de Ferrocarrís, facilitarán, a través da páxina web do Ministerio de Fomento ([www.fomento.es](http://www.fomento.es)), o modelo informático para a realización e remisión do citado informe por este sistema.

**Segundo. Competencia para a redacción do informe anual.**—Os informes anuais redactaranos os conselleiros de seguranza. As empresas baixo a responsabilidade das cales se efectúen as operacións de transporte, carga ou descarga, independentemente de quen realice fisicamente tales manobras, remitiranlles estes informes ás autoridades competentes.

O modelo do devandito informe inclúese como anexo I desta orde.

O anexo II recolle as instrucións para ser cuberto.

**Terceiro. Derrogación normativa.**—Queda derrogada a Orde do Ministerio de Fomento do 11 de xaneiro de 2001 pola que se regula o contido mínimo do informe anual para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, por ferrocarril ou por vía navegable.

**Cuarto. Entrada en vigor.**—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación, no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 19 de setembro de 2006.—A ministra de Fomento, Magdalena Álvarez Arza.

## ANEXO I

### Informe anual do conselleiro de seguranza

Ano do informe: .....

1. Identificación do conselleiro de seguranza e da empresa.

1.1. Identificación do conselleiro de seguranza:

Apelidos do conselleiro de seguranza: .....

Nome do conselleiro de seguranza: ..... NIF: .....

Especialidade: .....

Modo de transporte: .....

Área de actividade: .....

Teléfonos de contacto: .....

1.2. Identificación da empresa:

Denominación: .....

CIF/NIF: ..... Domicilio social: .....

Localidade: .....

Provincia: ..... Código postal: .....

Teléfonos: ..... Fax: .....

Correo electrónico: .....

Domicilio da actividade implicada (se for diferente): .....

Localidade: .....

Provincia: ..... Código postal: .....

Teléfonos: ..... Fax: .....

Correo electrónico: .....

2. Descrición da actividade da empresa implicada e dos modos de transporte:

- |                                             |                                      |
|---------------------------------------------|--------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Operación carga    | <input type="checkbox"/> Estrada     |
| <input type="checkbox"/> Operación descarga | <input type="checkbox"/> Ferrocarril |
| <input type="checkbox"/> Transporte         |                                      |

3. Ámbito territorial das actividades da empresa cargadora:

- |                                        |       |   |
|----------------------------------------|-------|---|
| Comunidade                             |       |   |
| <input type="checkbox"/> Autónoma      | _____ | % |
| <input type="checkbox"/> Nacional      | _____ | % |
| <input type="checkbox"/> Unión Europea | _____ | % |
| <input type="checkbox"/> Outros        | _____ | % |

## 4. Datos das mercadorías e das operacións implicadas:

Carga		
Clase	Cantidade	Localización por código postal
Total		

Descarga		
Clase	Cantidade	Localización por código postal
Total		

Transporte	
Clase	Cantidade

## 5. Relación de vehículos de transporte por estrada utilizados:

Matrícula	Frota propia ou allea	Tipo de vehículo	Tara	MMA	Designación segundo o ADR

## 6. Modo de transporte utilizado:

- Estrada \_\_\_\_\_ %  
 Ferrocarril \_\_\_\_\_ %  
 Outros \_\_\_\_\_ %

## 7. Tipo de equipamentos de transporte utilizados polas empresas cargadoras:

- Contedores  
 Contedores cisterna  
 Envase/Embalaxe  
 GRG  
 Cisternas  
 Recipientes (clase 2)  
 Vagón cisterna  
 Cisternas  
 desmontables  
 Outros

8. Relación de accidentes notificados, ocorridos durante o ano, xa sexa durante o transporte ou durante as operacións de carga ou descarga:

Data	Lugar do accidente

9. Información xeral sobre as obrigas do conselleiro de seguraza.

9.1. Formación:

Número de empregados no centro de traballo onde se realizan actividades implicadas: .....

Número de empregados relacionados coa actividade: .....

¿O persoal implicado da empresa recibiu unha formación adecuada?  Si  Non

¿Figura a formación recibida no expediente do persoal?  Si  Non

En caso negativo explicar motivos e medidas emprendidas pola empresa para emendar esta deficiencia: .....

.....

.....

.....

Descrición, se é o caso, dos cursos de formación impartidos .....

.....

.....

.....

9.2. Comprobacións en relación coas actividades implicadas:

	Si	Non	Non procede
1. ¿Comprobáronse os procedementos encamiñados á observancia das regras sobre identificación das mercadorías perigosas transportadas?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Observacións:			
2. ¿Comprobase a valoración das necesidades específicas relativas ás mercadorías perigosas, na adquisición de medios de transporte?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Observacións:			
3. ¿Comprobáronse os procedementos que permitan comprobar o material utilizado para o transporte ou para as operacións de carga ou descarga de mercadorías perigosas?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Observacións:			

	Si	Non	Non procede
4. ¿Comprobase a aplicación de procedementos de urxencia en caso de accidentes ou incidentes que poden afectar a seguranza durante o transporte de mercadorías perigosas ou durante as operacións de carga ou descarga?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Observacións:			
5. ¿Comprobase a observancia das disposicións legais e a consideración das necesidades específicas relativas ao transporte de mercadorías perigosas no referente á elección e utilización de subcontratistas ou terceiros intervenientes?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Observacións:			
6. ¿Comprobase que o persoal encargado do transporte de mercadorías perigosas ou da carga ou descarga das devanditas mercadorías dispón de procedementos de execución e de consignas detalladas?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Observacións:			
7. ¿Comprobase a realización de accións de sensibilización acerca dos riscos ligados ao transporte de mercadorías perigosas ou ás operacións de carga ou descarga das devanditas mercadorías?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Observacións:			
8. ¿Comprobáronse a aplicación de procedementos de comprobación co obxecto de garantir a presenza, a bordo dos medios de transporte, dos documentos e dos equipamentos de seguranza que deban acompañar os transportes e a conformidade dos ditos documentos e equipamentos coa normativa?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Observacións:			
9. ¿Comprobase a aplicación de procedementos de comprobación, con obxecto de garantir a observancia das regras relativas ás operacións de carga e descarga?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Observacións:			
10. ¿Aplicáronse os medios adecuados para evitar a repetición de accidentes, incidentes ou infraccións graves?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Observacións:			

## ANEXO II

### Instrucións para cubrir o informe

#### 1. *Identificación do conselleiro de seguranza e da empresa*

1.1 Identificación do conselleiro de seguranza: consignaranse os datos identificativos do/s conselleiro/s de seguranza e expresarase, se é o caso, a especialidade (explosivos, radioactivos, etc.) e o modo de transporte para o cal obtivo a titulación, así como no caso de que o conselleiro de seguranza teña encomendada unha área concreta de actuación (manobras de carga, descarga, etiquetaxe, etc.) a área de actividade da cal é responsable e os seus teléfonos de contacto.

1.2 Identificación da empresa: consignarase o nome ou razón social da empresa así como o seu CIF ou NIF, domicilio, provincia, poboación, código postal, teléfonos, fax, correo electrónico, e tamén se poderá indicar calquera outro medio de comunicación existente, tanto da sede social como dos centros de traballo para os que se fai o informe.

O informe anual será único por empresa, isto é, por número de identificación fiscal. Nel deberanse incluír todas as actividades executadas por unha determinada empresa, independentemente da sucursal ou sede que as realice.

Soamente se admitirá un informe anual por empresa e número de identificación fiscal.

A adscrición do conselleiro de seguranza no informe anual non exime a empresa do cumprimento da obriga da comunicación que se recolle no punto A) do artigo 9 do Real decreto 1566/1999.

#### 2. *Descrición da actividade implicada e dos modos de transporte*

Indicarase a/s actividade/es desenvolvidas pola empresa para a que se fai o informe e o/s modo/s de transporte en que se transporta a mercadoría. Para estes efectos, as empresas transportistas de carga fraccionada ou axencias de transporte, se é o caso, consideraranse, en principio, que realizan o transporte e a carga e a descarga nas instalacións onde se produce a grupaxe de mercadoría.

#### 3. *Ámbito territorial da actividade da empresa cargadora*

Este punto só será cuberto cando se trate de empresas que realicen a carga das mercadorías perigosas.

Deberase especificar a cantidade de mercadoría, en porcentaxe do total anual, e o ámbito territorial en que se realízase o transporte.

Cando o informe afecte distintos centros de traballo da mesma empresa, situados en diferentes comunidades autónomas, deberanse confeccionar tantos cadros como centros de carga por Comunidade Autónoma dispoña a empresa.

#### 4. *Datos das mercadorías e das operacións implicadas*

En relación coas mercadorías cargadas polas empresas cargadoras, descargadas polas empresas descargadoras ou transportadas polas empresas transportistas, indicarase a súa clase, de acordo coas clasificacións que figuran no ADR e no RID e a cantidade, utilizándose como unidade de medida a tonelada, redondeándose por exceso ou por defecto ao céntimo máis próximo. Igualmente, indicarase o código postal do lugar onde se produza a operación de carga ou descarga, entendéndose por localización da descarga o punto de entrega da mercadoría, e as cantidades totais de mercadoría cargada ou descargada.

No caso de reparticións múltiples ou venda en ruta, abondará coa indicación dos códigos postais provinciais.

As operacións de carga ou descarga realizadas fóra do territorio nacional non se deberán incluír. As empresas transportistas de carga fraccionada ou axencias de transporte, se é o caso, deberán cubrir estes cadros coas indicacións sobre as materias e a localización dos establecementos onde se produzan manobras de grupaxe ou fraccionamento da carga.

Igualmente, as empresas de carga ou descarga relacionarán as operacións realizadas por códigos postais, cantidade e clase, en cada un dos centros afectados.

No caso de empresas transportistas só se relacionarán as cantidades transportadas polos vehículos propiedade das ditas empresas, entendéndose como tal o vehículo que dispón de autorización de transporte (tarxeta de transporte). No caso de que só se teña a propiedade dos remolques ou semirremolques e a tracción sexa achegada por unha segunda empresa non se deberá relacionar a cantidade transportada polo remolque ou semirremolque propiedade da empresa transportista que realiza o informe, nese caso estas cantidades deberán estar relacionadas no informe correspondente á empresa que achega a tracción.

No caso de empresas que só realicen o transporte, as indicacións limitaranse á clase da mercadoría e á cantidade transportada e non se cubrirán as epígrafes de carga ou descarga, aínda que tales manobras as realice o condutor.

No caso de existir pacto expreso sobre a realización da carga ou descarga, a empresa que, en virtude do dito pacto, asuma estas obrigas relacionará nos cadros correspondentes estas operacións.

#### 5. *Relación de vehículos de transporte por estrada utilizados*

Esta epígrafe só afecta as empresas que realicen o transporte de mercadorías perigosas por estrada e as empresas cargadoras ou descargadoras que dispoñan de frota propia.

Indicarase os vehículos de transporte utilizados indicándose as matriculas, se son de propiedade ou non da empresa, independentemente de que as cantidades transportadas fosen relacionadas no cadro correspondente ao punto anterior, o tipo (entoldado, caixa, descuberto, cuberto, semirremolque, semirremolque cisterna, remolque, rixido, camión, tractora, tractocamión, furgón, camión mixto, portacontedores, depósito, silo, basculante, capitoné, góndola ou turismo) ou calquera particularidade que sexa necesario resaltar. Igualmente indicarase a tara e a masa máxima autorizada dos vehículos. Por último, se se trata dun vehículo catalogado con certificado de aprobación segundo o apéndice B do ADR, indicarase a categoría de que se trate (AT, FL, OX, EX/II ou EX/III).

#### 6. *Modo de transporte utilizado*

Esta epígrafe só será cuberta polas empresas cargadoras.

Indicarase a porcentaxe de cantidade de mercadoría, correspondente a cada modo, sobre o total anual das mercadorías perigosas cargadas pola empresa.

#### 7. *Tipos de equipamentos de transporte utilizados polas empresas cargadoras*

Esta epígrafe só se lles aplicará ás empresas que realicen a carga das mercadorías perigosas e nela indicarase os distintos tipos de envases ou embalaxes, contedores caixa, contedores cisterna, cisterna fixa ou desmontable, grandes recipientes para granel, recipientes para gases, vagóns cisterna ou calquera outro tipo de



recipiente utilizado para conter a mercadoría. Exclúense os vehículos de tracción propia.

#### 8. *Relación de accidentes notificados*

Indicarase a data e o lugar do suceso dos accidentes ocorridos durante o ano en relación cos cales se emitiu o correspondente parte segundo se estipula no artigo 8 do Real decreto 1566/1999, do 8 de outubro.

#### 9. *Información xeral sobre as obrigas do conselleiro de seguranza*

9.1 Formación: nesta epígrafe indícarase o número de empregados pertencente ao cadro de persoal da empresa independentemente das súas funcións, o número de empregados directamente relacionados coas actividades de carga, transporte ou descarga de mercadorías perigosas, se o dito persoal recibiu a formación adecuada e se esta formación figura no seu expediente persoal. Se non figurase, deberanse indicar as razóns e as medidas que, se é o caso, se tomaron para a súa emenda. Igualmente, farase unha breve descrición dos cursos impartidos con indicación, en todo caso, do persoal docente, datas dos cursos, horas lectivas, número de alumnos por curso, temario e calquera outra circunstancia salientable.

9.2 Comprobación de actividades: nesta epígrafe, o conselleiro de seguranza indícará, en relación coas obrigas que lle encomenda o artigo 7 do Real decreto 1566/1999, se se realizaron ou non as comprobacións e os procedementos e prácticas correspondentes en relación coas actividades implicadas ou ben se non era procedente realizarlas.

A resposta afirmativa deberase salientar cando se comprobouse a totalidade das accións, no caso dalgún tipo de fallo ou non comprobación deberase salientar a resposta negativa.

A información das distintas epígrafes poderase completar con calquera outro tipo de indicación que o conselleiro de seguranza coide oportuno incluír.

Na epígrafe observacións deberá expresarse as que coide procedentes e, como mínimo, as razóns polas que non se realizasen as comprobacións

farmacéuticas e recuperadoras dispensadas polos correspondentes servizos públicos de saúde como consecuencia de continxencias profesionais, cando a protección dos beneficiarios, respecto das ditas continxencias, se formalizase coas entidades xestoras da Seguridade Social.

O artigo 8 da citada orde establece que o deseño de rexistro e o formato técnico de remisión dos datos que avalarán as certificacións emitidas polos servizos públicos de saúde se determinará, por proposta do Instituto Nacional da Seguridade Social e do Instituto Social da Mariña, mediante resolución do secretario de Estado da Seguridade Social, que lles será comunicada ás comunidades autónomas.

Daquela, co fin de homoxeneizar e facilitar o intercambio de información entre os respectivos servizos públicos de saúde e as entidades xestoras da Seguridade Social, apróbanse a estrutura, contido e formato dos ficheiros informáticos de remisión de datos relativos aos centros de asistencia dos servizos públicos de saúde, ás tarifas oficiais aplicables en cada comunidade autónoma e á emisión de facturas polas prestacións dispensadas.

O sistema de envío e recepción de ficheiros efectuarase a través da ferramenta IFI, que é un sistema universal de intercambio de ficheiros institucionais, vía internet, que deberá cumprir os requisitos establecidos no punto terceiro desta disposición.

Esta resolución establece, así mesmo, que o procedemento de remisión de datos relativos aos gastos facturados polos servizos públicos de saúde se efectuará, de forma centralizada, a través do Centro Informático do Instituto Nacional da Seguridade Social, o cal desagregará a información recibida e llela remitirá, para a súa xestión e verificación, ás direccións provinciais do Instituto Nacional da Seguridade Social e á Dirección Xeral do Instituto Social da Mariña, segundo proceda, para efectos da súa conformidade e emisión da oportuna certificación do custo das prestacións dispensadas, de acordo co previsto no artigo 5 da orde citada.

O mencionado procedemento será de aplicación con carácter inmediato, prevéndose que nunha fase posterior os servizos públicos de saúde dispoñan dun servizo web que permitirá que estes poidan introducir directamente na aplicación os datos correspondentes aos centros de asistencia, as tarifas aplicables e os gastos facturados, que se validarán automaticamente. Desta forma suprimiríase a validación manual dos ficheiros polas entidades xestoras da Seguridade Social.

En consecuencia, de acordo coas previsións contidas no artigo 8 da Orde TAS/131/2006, do 26 de xaneiro, e de conformidade coas facultades conferidas polo artigo 2 do Real decreto 1600/2004, do 2 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, por proposta do Instituto Nacional da Seguridade Social e do Instituto Social da Mariña, dispoño:

Primeiro. *Aprobación da estrutura, contido e formato dos ficheiros informáticos de remisión de datos.*

1. Apróbanse, conforme figuran, respectivamente, nos anexos I, II e III desta resolución, a estrutura, contido e formato dos ficheiros informáticos relativos aos centros de asistencia dos servizos públicos de saúde, ás tarifas oficiais aprobadas e publicadas por cada comunidade autónoma e á emisión, polos respectivos servizos públicos de saúde, das facturas correspondentes ás prestacións médicas, farmacéuticas e recuperadoras dispensadas aos traballadores cuxa protección, respecto ás continxencias profesionais, se formalizase co Instituto Nacional da Seguridade Social ou co Instituto Social da Mariña.

2. A remisión de datos polos servizos públicos de saúde para efectos da certificación do custo da atención sanitaria dispensada nos supostos mencionados no punto anterior, deberase efectuar, en todo caso, conforme

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**16931** *RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2006, da Secretaría de Estado da Seguridade Social, pola que se aproba o deseño de rexistros e o formato técnico dos ficheiros informáticos para a remisión dos datos polos servizos de saúde das comunidades autónomas para o pagamento do custo da asistencia sanitaria derivada de continxencias profesionais. («BOE» 232, do 28-9-2006.)*

A Orde TAS/131/2006, do 26 de xaneiro, en relación coa transferencia ás comunidades autónomas do importe correspondente á prestación de asistencia sanitaria ao abeiro da normativa internacional e o pagamento aos servizos públicos de saúde do custo da asistencia sanitaria derivada de continxencias profesionais, regula no seu capítulo II o procedemento para o pagamento ás comunidades autónomas do custo das prestacións sanitarias,